

ACTA Nº 2018/7
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, venres 10 de agosto de 2018 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

AMPARO CALVO GONZALEZ

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

XESUS MANUEL SOTO VIVERO

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

SECRETARIA:

IRIA LUISA DÍAZ GAVELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DO PLENO NA ALCALDÍA PARA O PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DA OBRA "RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS NA AVENIDA MARQUÉS DE FIGUEROA E OUTROS" (AO ABEIRO DO POS + 2018 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA); PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada a súa urxencia por unanimidade.**



En consecuencia, procédese ao tratamento da proposta de alcaldía que literalmente transcrita di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO.- Delegación de competencias en materia de contratación do Pleno na alcaldía para o procedemento de licitación da obra "Renovación de pavimentos na Avenida Marqués de Figueroa e outros" (ao abeiro do POS + 2018 da Deputación da Coruña)

En data 14 de decembro de 2017, o Pleno da corporación do Concello de San Sadurniño aproba o proxecto "Renovación de pavimentos na Avenida Marqués de Figueroa e outros", por importe de 240.626,46 euros, redactado a efectos de solicitar unha subvención ao abeiro do POS + 2018 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases foron aprobadas polo pleno da Deputación Provincial da Coruña en data 29/09/2017 (BOP nº 188 de 03/10/2017).

O 15 de xuño de 2018 a Deputación da Coruña remite unha circular mediante a que comunica ao Concello que mediante Resolución da Presidencia da Deputación de 14 de xuño de 2018 considerouse definitivamente aprobado o POS + 2018, en consecuencia pode iniciarse o procedemento de contratación da obra "Renovación de pavimentos na Avenida Marqués de Figueroa e outros".

Segundo consta no informe da Secretaría-Intervención municipal de 7 de agosto de 2018 que consta no expediente, o valor estimado do contrato da obra "Renovación de pavimentos na Avenida Marqués de Figueroa e outros", calculado de conformidade co esixido pola Deputación da Coruña, ascende a 258.524,29 euros, polo que de conformidade co recollido na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; ao superar o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento o órgano competente para a súa contratación é o Pleno.

A necesidade de acometer as obras de renovación dos pavimentos da Avenida Marqués de Figueroa coa maior celeridade posible de cara a evitar unha dilación excesiva que perxudique os intereses da veciñanza e que a periodicidade das sesións do Pleno non permite a axilidade que require esta importante obra na arteria principal fai conveniente que en aras de acadar a maior axilidade na tramitación do expediente a competencia para a contratación da obra sexa delegada na alcaldía.

Tendo en conta o anteriormente exposto, **PROPOÑO AO PLENO** a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO.- Delegar na alcaldía as competencias en materia de contratación para a tramitación do procedemento de licitación da obra "Renovación de pavimentos na Avenida Marqués de Figueroa e outros" (ao abeiro do POS + 2018 da Deputación da Coruña)

SEGUNDO.- Esta delegación comprende as facultades resolutivas mediante actos administrativos que afecten a terceiros.



TERCEIRO.- *Dar conta ao Pleno dos actos administrativos emanados no exercicio da competencia delegada, de conformidade co recollido no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico.*

CUARTO. *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da súa sinatura."*

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz do goberno municipal, Xesús Soto, que explica que o orzamento da obra "Renovación de pavimentos na Avda. Marqués de Figueroa" ascende a 240.626,46 euros e o seu valor estimado é de 258.524,29 euros, que excede o 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal, polo que a competencia para a súa tramitación sería do pleno. Explica que por unha cuestión de prazos, de axilidade administrativa e de necesidade urxente de levar a cabo a obra e tendo en conta que os plenos ordinarios son cada dous meses a proposta do goberno municipal é que a competencia para levar a cabo o procedemento de contratación se delegue na alcaldía.

A portavoz municipal do PSOE anuncia o seu acordo coa proposta.

O portavoz municipal do PP anuncia tamén o seu acordo coa proposta e fai constar que a concelleira do seu grupo municipal, Belén Trigo Meizoso, xa ten renunciado a cobrar estes plenos extraordinarios e que el tamén renuncia a cobrar os plenos extraordinarios de hoxe. Fai constar o seu agradecemento pola convocatoria dos plenos extraordinarios no horario que se convocaron; xa que teñen dificultades para asistir derivadas dos seus traballos e anuncia que en consecuencia en calquera momento terá que ausentarse, quedando representado o seu grupo pola concelleira Belén Trigo Meizoso.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 13.05 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

Secundino García Casal

A secretaria

Iria Luisa Díaz Gavela

